

## PROGRAMA ESPECIALIZADO DE FORMACIÓN XERENCIAL

### CURSO | TRANSFORMACIÓN DE EMPRESAS MERCANTÍ EN COOPERATIVAS

[ En colaboración Co Concello da Coruña ]

<b>DATAS REALIZACIÓN</b>	5 e 12 de decembro de 2023	<b>DURACIÓN</b>	10 horas
<b>HORARIO</b>	Celebraranse dúas sesións de formación os martes 5 e 12 de decembro, en horario de 9:45 a 14:45 h.		
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	Centro de Empresas ACCEDE PAPAGAIO, Praza do Papagaio, s/n, 15002 A Coruña		
<b>PERSONA DE CONTACTO</b>	Patane García Méndez	<b>teléfono</b>	881 887 456 - 697 877 773
		<b>e-mail</b>	patane@espazo.coop

**PARA INSCRIBIRSE [PREMA AQUÍ](#)**

#### OBXECTIVOS

- Atender as necesidades formativas específicas de mellora na xestión empresarial e capacitación para a dirección e xerencia das cooperativas participantes.
- Mellorar a situación dos procedementos e sistemas de dirección empresarial das cooperativas participantes, mediante operativas adaptadas ao modelo.
- Divulgar de forma práctica ás cooperativas participantes, boas prácticas, ferramentas e habilidades que permitan a mellora dos seus procedementos de xestión e sistemas de dirección .
- Potenciar o coñecemento mutuo e intercambio de experiencias das cooperativas participantes que permitan establecer alianzas futuras.
- Promover a economía social e solidaria dando a oportunidade de coñecer e explorar este modelo económico baseado en principios e valores da participación, a sustentabilidade e a responsabilidade social.

#### PROGRAMA E CONTIDOS

Co obxectivo de explorar unha alternativa empresarial baseada na cooperación, a participación e a toma de decisións democráticas, promovendo a economía social e solidaria e os valores da participación democrática, responsabilidade e a sustentabilidade empresarial.

- **Introdución as cooperativas.**- Que e unha cooperativa e as súas características distintivas. Principios e valores cooperativos. Comparativa entre empresas mercantís e cooperativas.
- **Proceso de transformación empresarial.**- Pasos e requisitos legais para a transformación dunha empresa mercantil nunha cooperativa. Aspectos a ter en conta na planificación e execución do proceso de transformación. Axudas e apoios.
- **Casos de estudo en Galicia e noutras partes do estado.**

#### METODOLOXÍA

Activa e participativa. O Obradoiro propónse como unha oportunidade para traballar de xeito práctico e acompañamento dunha persoa experta na materia e cunha dilatada experiencia nestes procesos, na resolución de casos prácticos.

A primeira sesión amosaranos o camiño a seguir, poranos en contexto para coñecer como organizar o proceso de transformación, achegarase unha folla de ruta cos fitos máis destacables. Ao mesmo tempo, daranse a coñecer os apoios existentes aos procesos de transformación. Na segunda sesión, contaremos con experiencias dende diferentes ámbitos para achegarnos a estes procesos: cooperativas que naceron froito dunha transformación, cooperativas que acompañan estes procesos, a visión dende o cooperativismo andaluz, dinamizado todo elo por Espazocoop.

#### DIRIXIDO A

Con preferencia a persoas socias pertencentes aos equipos directivos e Consello Reitor de Cooperativas e outras empresas e entidades da economía social, persoal de asesorías e xestorías, profesionais do asesoramento e acompañamento a empresas, persoas en proceso de creación de cooperativas ou interesadas na transformación do seu negocio actual nesta fórmula, público interesado en xeral.



[ Esta actividade encádrase no programa de actuación **Emprendemento Empresarial na Economía Social** da Unión de Cooperativas Espazocoop e o Concello da Coruña para o ano 2023 ]